

Os adxectivos

Os **adxectivos** son palabras que expresan calidades dos nomes ao que acompañan: *canso, vermello, forte...* Os adxectivos teñen xénero (masculino e feminino) e número (singular e plural).

1. Clasifica as seguintes palabras. Escribe cada palabra onde corresponda:

fermosura	grande	curto	agasallo
amables	xersei	treboada	
náufrago	antigas		
	fresca		

Substantivos	Adxectivos

2. Que adxectivo contén cada oración? Escríbeo.

- Os nosos canciños son moi agarimosos.
- As pequenas fiestras parecían observarnos.
- A mestra contounos unha historia marabillosa.
- Queredes un anaquiño deste delicioso biscoito?
- Semellaba un pequeno punto de luz.
- Coloca este libro no andel máis alto.
- As tendas están pechadas dende fai semanas.

Os graos do adxectivos

Os adxectivos poden ter tres graos:

- + **Positivo.** O adxectivo expresa unha calidade do substantivo. *A nena é fermosa.*
- + **Comparativo.** Compárase a calidade dun substantivo coa doutro. Pode ser:
 - o **Superioridade.** Máis...ca/que *Ana é máis alta que Manel.*
 - o **Igualdade.** Tan...como/coma *É tan traballadora coma ti.*
 - o **Inferioridade.** Menos...ca/que *Esa rúa é menos ruidosa ca esta.*
- + **Superlativo.** Expressa unha calidade no seu grao máximo.
Aquel pantalón é fermoso/fermosísimo.

3. Indica en que grao se atopan os adxectivos das seguintes oracións:

- Este castiñeiro é menos frondoso que aquel.
- Este canciño é moi agarimoso.
- A leituga estaba murcha.
- Os teus veciños son máis traballadores ca ti.
- Mercamos un libro moi caro.
- Viñemos en busca dun regalo barato.

4. Completa coas partículas comparativas adecuadas:

- Este inverno é _____ frío _____ o do ano pasado.
- Xoán ten unha irmá _____ vella _____ el, pero é _____ alta _____ min.
- María non parece _____ animada _____ outras veces.
- Os coches de carreiras non son _____ rápidos _____ un avión.